



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:07
Nº Rexistro: 28003
Data envío: 15/03/2018 17:07:44.071

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa xestión do superávit orzamentario por parte das entidades locais, con número de rexistro **25691 (10/PNC-001981)**, que figura na orde do día da Comisión 3ª do vindeiro 16 de marzo de 2018.

Emenda de substitución

Substituír os puntos d), e) e f) polo seguinte texto:

“d) derrogar a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e reformar a fondo o marco legal vixente en materia de estabilidade orzamentaria, orientando a política tributaria a promover a equidade social, impulsando a función de redistribución xusta da renda e da riqueza, e a política orzamentaria e de finanzas públicas a asegurar prioritariamente o financiamento dos servizos públicos esenciais para garantir o benestar das maiorías sociais.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 17:07
Nº Rexistro: 28003

Data envío: 15/03/2018 17:07:44.071

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 17:07:08

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 17:07:22

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Cristina Romero Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNC-002004 (26063)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reforma do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, a implantación da rendición telemática da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa elaboración, así como a aprobación dun novo **plan de contabilidade pública**.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

- 1º.- **Aborde** a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público.
- 2º.- **Avance** na implantación da rendición telemática da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.
- 3º.- **Realice**, en aras ao cumprimento do principio de transparencia da actividade pública, unha revisión do contido da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación e, en especial, dos seguintes aspectos: a) da situación financeira global do

sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico”.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/03/2018 17:28:56

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/03/2018 17:29:37

Á MESA DA COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia número 25691 (10/PNC 001981)**, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa xestión do superávit orzamentario por parte das entidades locais, incluída na orde do día da devandita Comisión que se vai celebrar o 16 de marzo de 2018.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno central para que:

- Derogue a Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.
- Derogue a Lei 27/2013 de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.
- Proceda á reforma do sistema de financiamento local que dote aos concellos de recursos suficientes para desenvolver as súas competencias, que proporcione máis recursos aos concellos galegos, que adopte os criterios de dispersión e avellentamento da poboación para o reparto da Participación dos ingresos do Estado.”



Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García,
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 15/03/2018 17:47:14

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Cristina Romero Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/PNC-002096 (27146)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar o impacto do actual modelo de revalorización anual das **pensións** contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia.

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia acorda:

- 1- Demandar dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados que preserven o Pacto de Toledo como instrumento no que consensuar o avance, adaptación e modernización do sistema público de pensións, principal instrumento de cohesión social e solidariedade interterritorial de España, co obxectivo de continuar dando cumprimento ao establecido no artigo 50 da Constitución Española.
- 2- Manifestar o seu apoio á inclusión no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 de axudas fiscais no IRPF para os pensionistas así como dunha mellora das pensións mínimas e de viuvez, tal e como foi anunciado polo Presidente do Goberno na súa comparecencia do pasado 14 de marzo ante o Pleno do Congreso dos Deputados e demandar dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados que favorezan a súa aprobación o máis rápida posible.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/03/2018 18:01:01

Pedro Puy Fraga na data 15/03/2018 18:01:39

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución das modificacións legislativas oportunas para a regulación dunha moratoria para as persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca e a dación en pagamento da súa vivenda, así como a realización dunha avaliación do impacto en Galicia da aplicación do Código de boas prácticas bancarias co fin de elevar o grao de protección das persoas usuarias afectadas (doc. núm. 17376)

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o primeiro parágrafo da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

A que demande do Goberno central as modificacións legislativas oportunas que obriguen ás entidades adheridas o código de boas prácticas a cumprir seu contido.

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a solicitar ao Goberno central unha copia do informe emitido pola Comisión de Control referido á Comunidade Autónoma de Galicia.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2018 18:19:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 18:25
Nº Rexistro: 28035
Data envío: 15/03/2018 18:25:09.430



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2018 18:19:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia
